

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 14/09/1974

Colección:

Data: 14/09/1974

De:

Marino Dónega;

Para:

Luís Seoane;

Orix:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Literatura;

Mencionados:

Ramón Otero Pedrayo; Valentín Paz-Andrade; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 14/09/1974

A Coruña, 14.IX.1974

Luis Seoane

Buenos Aires

Meu amigo:

Veño de ler no Grial as túas aportacións á pintura mural. Sópome a pouco. Somentes tiña unha idea vaga da obra que, como muralista, tes ciscada polo mundo. E, coma sempre, das noticias dun delicado requinte. Como, poño por caso, o ofrecemento feito por Souto ao concello coruñés, ou o ágape eucarístico no mosteiro de Poyo, ou a enxoiata estética dos conserveiros vigueses, ou a sensibilidade artística do villéu e dos dous emigrantes xa xubilados na súa terra. Unha delicia. E tamén as túas ideas encol da antropoloxía da creación artística. Como, por exemplo, a do boceto como feto boligante i en formación evolutiva na matriz do artista. Agora é de agardar que calquer día nos agasalles tamén coas túas aportacións á diagramación dos libros, e co teu concepto encol do libro como significante. Agardemos, logo. Porque á vista da túa obra global é doado adiviñar nela a fusión do artista co home formando unha indisoluble unidade. Unidade que é, ao meu ver, a túa gran verdade artística e humán. A túa autenticidade máis radical.

Verbo do Museo Maside, estou en espera de que o Isaac me facilite as liñas xeneráis encol desa asociación de amigos na que ten matinado pra lle dar, pola miña banda, forma ao Regulamento. Dende logo, ficamos á espreita da túa decisión última encol de si un representante deles ha pasar, ou non, a formar parte do Consello. Xa séi que non eres partidario. O cal paréceme moi asisado e posto en razón. Aínda faltan por aceptar os seus cargos don Ramón Otero Pedrayo, ausente en Santander, e o Valentin, non hai moito chegado de Caracas. Tan axiña se complete iste trámite, iniciaréi o da inscrición da Fundación no Rexistro correspondente. Sería pra min dunha grande ledicia ter todo arranxado pra cando vós viñerades. Agasallariavos cun fermoso regalo de Reises.

Alá vai o noso vrán. Pero o outono promete ser máis quente. A inquedaanza é grande. Unha sensación de interinidade fai presa nas xentes. Intúise un valdeiro que é preciso encher. ¿Mais cómo? That is the question. Poderíache facer un análise da situación, pero paréceme unha perda de tempo. Porque cando ista carta chegue ao teu poder ficaría xa invalidado. Así son de cambiantes as forzas en presenza. Da noite prá mañá esfarélase calquer previsión.

Verás que desta vez non falo do pleito do noso amigo. Vóu farto. Nembargantes, diréiche que o Pepito milloróu, e que o noso amigo interesouse arreo pola súa saúde, aínda que sin resultado positivo algún. Pola contra, bótanlle a culpa de todo. É pra se botar a correr e non parar.

Á espreita da esmola dunhas letriñas vosas, recíbide Maruxa e tí garimosas apertas de nólos tres.

Dónega

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.